O BOSQUE, TEMA DA REUNION DOS GRUPOS IBERICOS DO BEE EN SANTIAGO

Coa finalidade de analisar a situación actual dos bosques da península, os Grupos Ibéricos do Buro Europeo do Meio Ambiente celebraron unha reunión en Santiago os pasados 18 e 19 de xullo. A reunión, que tivo lugar no salón de actos da Residéncia do Burgo das Nacións, acudiron representantes da CODA (Coordinadora de Organizacións de Defensa Ambiental do Estado Español), AEDENAT, ADENA e ANA (Amigos da Natureza de Asturias), ademais de ADEGA, que correu coa convocatória e organización desta reunión. Na mesma participaron tamén outras organizacións galegas non membros do BEE, concretamente a APDR (Asociación para a Defensa da Ria de Pontevedra) e a AGENG.

En primeiro termo analisaron-se os problemas ecolóxicos derivados da actual política de reforestación con cultivos foráneos de rápido crecimento, como o incremento da erosión, as perdas en biodiversidade, a fraxilidade dos ecosistemas frente a plagas e incéndios forestais, a repercusión negativa no ciclo da água, e a competéncia desigual que supoñen para as espécies autóctonas pola aparición de problemas de guerra química, e o empobreciemnto do solo en nutrientes.

Depois de valorar a situación actual pasou-se a apontar solucións e alternativas. Ficou clara, por parte de todos os grupos, a necesidade dunha aposta dedidida polas repovoacións con espécies autóctonas e en masas mixtas, que inclua unha forte preparación profesional en silvicultura e unha política de incentivos á súa plantación e conservación. Asemade, manifestou-se unha oposición total ás subvencións públicas para reforestacións con eucaliptos.

A respeito do bosque atlántico e mediterráneo, estima-se primordial a proteción efectiva das zonas de bosque autóctono que ainda quedan, impedindo cualquera actuación que os dane, principalmente nas zonas costeiras. Considera-se importante estabelecer unha rede de bosques protexidos na península Ibérica na que estexan representados todo tipo de bosques e espécies autoctonas que garantan o mantenimento da diversidade xenética.

Os grupos do BEE expresaron a sua absoluta disconformidade perante os proxectos de Eurogalicia Forestal e Papelga, indústrias da pasta de papel que demandan un incremento das repovoacións con espécies de crecimento rápido. Manifesta-se tamén a oposición a plans forestais como o da Xunta de Galicia que pretende aumentar ainda mais as actuais extensións pinos e eucaliptos, e a preocupación porque numerosos proxectos e actuacións financiados cos Fondos Estructurais da CEE están a destruir areas de sumo interés ecolóxico.

Nestes momentos está en elaboración un documento que recolle as valoracións e alternativas destes grupos ecoloxistas acerca do sector forestal e conservación do bosque autóctono. Unha vez aprobado, será presentado á Comisión Ambiental da CEE.

Estas reunións de traballo contaron co apoio e colaboración do Centro de Documentación Europea e a Universidade de Santiago de Compostela.

O BURO EUROPEO DO MEIO AMBIENTE (BEE)

O BEE aglutina a mais de 100 Organizacións non Gubernamentais da CEE, das que 16 son da Península Ibérica. Adega é membro de pleno direito desde decembro de 1991, depois de dous anos como observadora, sendo hoxe por hoxe a única organización galega que forma parte do BEE.O BEE é un órgao consultivo do Parlamento Europeo e das Comisións da CEE. Organiza-se por zonas (no noso caso a península Ibérica) e por comisións de traballo: Natureza, Biotecnoloxia, Mediterráneo, Urbanismo, turismo e património cultural, Agricultura e bosques, Enerxia, Meio Ambiente e desenvolvimento, Contaminación e substáncias tóxicas, e Educación ambiental. Con estas comisión de traballo corresponden-se os grupos de expertos do BEE a nivel da CEE.